



## Alegacións á proposta de RPT do FOGGA

O Comité executivo da Asociación Sindical de veterinarios Funcionarios da Xunta de Galicia, con enderezo electrónico a efectos de notificacións, [info@asvef.gal](mailto:info@asvef.gal) e á vista do borrador de RPT do FOGGA presentado por esta consellería achega as seguintes alegacións:

Fagamos en primeiro lugar unha exposición comparativa do número de prazas asignadas no FOGGA, tanto á escala de agrónomos como á de veterinarios, en SSCC e en Servicios periféricos .

### Prazas reservadas para agrónomos na proposta de RPT do FOGGA de 16/5/2022

NIVEL	26	25	22	20	18	16	TOTAL
Servizos Centrais	6	6				1	13
A CORUÑA	2	5	2	1		1	11
LUGO	3	3	2			4	12
OURENSE	1		1		1		3
PONTEVEDRA	2	2				2	6
<b>TOTAL</b>	<b>14</b>	<b>16</b>	<b>5</b>	<b>1</b>	<b>1</b>	<b>8</b>	<b>45</b>

### Prazas reservadas para veterinarios na proposta de RPT do FOGGA de 16/5/2022

NIVEL	26	25	22	20	18	16	TOTAL
Servizos Centrais	2			1			3
A CORUÑA							0
LUGO	1						1
OURENSE		1					1
PONTEVEDRA							0
<b>TOTAL</b>	<b>3</b>	<b>1</b>	<b>0</b>	<b>1</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>5</b>

A diferenza de prazas asignadas a unha escala e outra é manifesta (**45 escala de agrónomos//5 para escala de veterinarios**) aspecto que tería a súa xustificación, se as responsabilidades a desenvolver, esixisen competencias adquiridas durante a súa formación que faculta case en exclusiva a unha das escalas e minimamente á outra, aspecto moi lonxe da realidade e que desde esta asociación poderemos claramente argumentar.

Segundo a última memoria anual publicada polo Fogga, no ano 2020 realizáronse pagamentos por case 400 millóns de euros, dos que só en axudas directas tiveron arredor de 25.000 beneficiarios, en conxunto.

Desglosando estas axudas directas, os pagos por axudas a vacas de leite tiveron 6.953 beneficiarios, 10.739 os de vacas nutrices e 8.140 os de cebo, ademáis doutras pequenas partidas relacionadas coa produción animal.

Resulta que dos aproximadamente **25.000 beneficiarios de axudas directas da PAC, cerca de 20.000 son beneficiarios que cobraron axudas pola súa produción gandeira.**

En Galicia, **a maioría de perceptores da PAC son explotacións gandeiras** o que motiva que os controis a realizar, o maior peso veña determinado por:

- A identificación e rexistro de animais das especies bovina, porcina, ovina e caprina
- O benestar animal
- A alimentación animal
- A conservación de razas autóctonas en perigo de extinción
- O uso de vacas en extensivo para a explotación sostible
- Loita contra pragas, enfermidades en apicultura
- A conservación, aproveitamento e desenvolvemento sostible dos recursos xenéticos

**Todas elas, intimamente relacionadas coas funcións e competencias que por formación, facultan e desenvolven ordinariamente a escala de veterinarios.**

Por outra banda, no que se refire á **Intervención de Mercados**, respecto ao almacenamento de canais de vacún e porcino, realízanse funcións de control das canais así como que os animais foron sacrificados conforme as esixencias que marca a normativa comunitaria en materia de Sanidade: que non foron sacrificados como resultado de medidas de urxencia, que as canais sexan da especie en cuestión, realízanse tomas de mostras.

No que se refire ao almacenamento de manteiga e leite en po, contrólase que son produtos de calidade san, cabal e comercial, que teñen orixe comunitario, o cumprimento das normas de envasado e etiquetado, producidos por empresas autorizadas e realízanse tomas de mostras. Neste caso, **algunhas destas funcións so poden ser exercidas por veterinarios**, por ter as competencias exclusivas na Administración nestas materias: recoñecemento de canais, conformidade coa normativa sanitaria, normas de sacrificio (benestar no sacrificio)....

Ao ser moitas destas funcións de carácter veterinario exclusivo e ao non ter dotación de veterinarios en todas as provincias, recaerían en titulacións sen competencias nestes

asuntos, aspecto que comprometería a certificación do control e o destino adecuado dos fondos europeos, e dando pé a que as alegacións presentadas por parte das empresas afectadas, podan invalidar estes controis da PAC.

Na actual proposta de RPT do FOGGA, comprobamos que se pretende reducir o xa escaso número de prazas que actualmente desenvolverían veterinarios (había 13 prazas: 3 en exclusividade e 10 compartidas con outras titulacións) e deixalo como podemos comprobar en 5 prazas (exclusivas). Supón unha redución de máis da metade (50%) das prazas, provocando por unha parte que queden provincias sen ningún veterinario a disposición e por outra a perda da multidisciplinaridade do organismo. Ao noso entender, as 10 prazas que había compartidas con enxeñeiros agrónomos (E.A.) e enxeñeiros técnicos agrícolas (E.T.A.), non deberían terse convertido todas a agrónomos e agrícolas, senón que, seguindo as indicacións de Función Pública de deixar só dúas titulacións por praza, estas prazas deberían terse repartido equitativamente entre as tres titulacións, de maneira que cada titulación tivera acceso ao menos a 6 prazas.

A redución de prazas á que aludíamos anteriormente, de 13 a 5 é inxustificable e menos o é se consideramos que estas prazas despois de moitos anos foron ocupadas por esta mesma escala, realizando as funcións xa descritas e agora se alegue falta de cualificación para ocupalas.

De ser certo, o FOGGA levaría anos concorrendo nunha irregularidade sen que por outra banda, quede suficientemente xustificado polo FOGGA a falta de idoneidade dos veterinarios para estes labores. Este é o caso de dúas prazas na Coruña, onde dúas veterinarias levan desenvolvendo a súa actividade durante máis de 7 anos, e que agora, segundo os criterios da nova RPT xa non están cualificadas para realizar e sen que as ditas funcións teñan sufrido ningunha variación na maneira de realizalas nin haber cambios normativos ao respecto.

Entre os argumentos que se esgrimen para xustificar a asignación das prazas á escala de agrónomos, está que certas materias estean nos temarios da oposición o cal constitúe un argumento falto de toda solidez, por no calificalo doutro xeito, por canto, como se indicaba anteriormente, haberá que recurrir ás habilitacións que por su formación ten unha e outra escala para desenvolver tales responsabilidades : neste senso tamén podemos engadir que nas probas de acceso á Administración para veterinarios, máis da metade do temario son temas relacionados con todas estas competencias e resultando moitas delas de carácter exclusivo á inspección veterinaria, por exemplo a comprobación de canles como indicabamos.

En definitiva, non se comprende a causa de que na nova RPT se pase de que as prazas de veterinarios no FOGGA pasen de supoñer o 9,4% do persoal total a quedar reducidas a so o 4,4% o que provoca a perda do carácter multidisciplinario do control das axudas e a posibilidade de supoñer un risco de anulación de procedementos por ter sido realizado por persoal que non tiña competencias no asunto.

Por outra banda, tamén queremos engadir a nosa disconformidade pola falla de xustificación para cubrir determinadas prazas polo sistema de Libre Designación (LD), como son as xefaturas de servizo territorial de Coruña, Lugo, Ourense, ou Pontevedra e as Xefaturas de Servizo de Xestión económica e de Coordinación, Control e Xestión Administrativa,



abogando desde esta Asociación, porque a cobertura das prazas LD, se efectúe mediante concursos específicos, na liña de fomentar unha carreira profesional vertical que sirva de estímulo e motivación para os empregados públicos.

É por todo o exposto que solicitamos se reconsidere a proposta do borrador e se teñan en conta estas alegacións.

Pontevedra, 25 de maio de 2022

O Comité executivo de Asvef

